

CONTO INTERACTIVO



O MEU PASO POLO

QUIRO FEAÑO

Este libro editouse coa colaboración de:

- © Secretaría Xeral de Política Lingüística
- © Servizo Galego de Saúde
- © Asociación Ferrolá de Anestesioloxía, Reanimación e Dor (Afeard)
- © Lautana Editorial

Autoría:

Do texto:

- © M.^a Pilar Porta Rodríguez
- © Esther Moreno López

Das ilustracións:

- © Iván Fernández Quillán

© LAUTANA EDITORIAL

Ferrol

2020

ISBN: 978-84-949958-9-7

Depósito Legal: C 2083-2019

Imprime Área 7



PILAR PORTA - ESTHER MORENO

XUNTA DE GALICIA, AFEARD, LAUTANA EDITORIAL

FERROL

2020

ÍNDICE

- NOTAS PARA AS FAMILIAS
- DATOS DAS NENAS E DOS NENOS
- LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA
- ANDAR PEDIÁTRICO
- QUIRÓFANO
- PREPARATIVOS
- A OPERACIÓN
- IDENTIFICACIÓN E EMOCIÓNS
- O ESPERTAR
- DESPEDIDA
- GLOSARIO





NOTAS PARA FAMILIAS

Este libriño foi pensado para:

- Darvos a coñecer o día da cirurxía.*
- Prepararvos a vós tamén para a cirurxía do voso fillo ou filla.*
- Facervos conscientes da importancia do voso saber ser e estar ante esa nova situación.*
- Axudarvos a facer o voso acompañamento o máis tranquilo e confiado posible.*

As criaturas ante unha operación poderán ter un balbordo de sentimentos.

Iso adoita crear inquedanza entre os proxenitores.

Palabras claras, honestas e sinceras facilitarán as conversas cos vosos fillos e fillas.

Por medio deste caderno pretendemos facilitalo.



DATOS DAS MENAS E DOS MENOS

NOME:

APELIDOS:

IDADE:

NÚM DE QUARTO:

NHC



NOME DO HOSPITAL
DE

No mundo mundial atópase o planeta **Terra**.
O noso planeta é coma un crebacabezas formado
por seis continentes de auga e terra.

O “vello continente” chámase **Europa** e alí estamos
nós, en España. No seu recanto noroeste está

Galicia, pero.... adiviña, adiviñanza:

- Onde está o teu hospital?
- Sabes cal é o seu nome?
- Busca na sopa de letras o nome dos
7 hospitais galegos.

CHUF Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol

CHUAC _____

CHUVI _____


CHUO _____

CHOP _____

CHUS _____

HULA _____






No teu corpo hai unha peza que, polo motivo que sexa non está funcionando todo o ben que debería. A solución para arranxala é unha **operación**.

Para operar unha persoa, sexa grande ou pequena, cómpre ir ao **hospital** e pasar alí un ou máis días.

Alí un equipo de persoas vanche explicar a ti e á **túa familia** todo o que precisedes e responderán as vosas preguntas.





Cando chegue o momento da operación, levarante a un cuarto ultralimpo e super desinfectado: o quirófano.

Agora relaciona ti cada ovella coa sua parella:

CIRURXIÁN, CIRURXIÁ: Revisa e arranxa todas as partes do corpo humano coma se fose un robot.

ANESTESISTA: Ponlle a dose axeitada do seu soro máxico a cada neno ou nena soprando por un globo ata enchelo.

ENFERMEIRO, ENFERMEIRA: Axúdalles aos pacientes e ao persoal médico e prepara e desinfecta todo o instrumental.

AUXILIAR: Sempre está para axudar coas tarefas de quen o precise, enfermaría ou persoal médico.

CELADOR, CELADORA: Traslada os e as pacientes desde o cuarto ata o quirófano.



Bótalle unha ollada ao **glosario** final para ver se es quen de darlle a cada profesional o seu aparello de traballo.




O día da **operación**:



...non poderás
comer nin beber...

...poñeranche unha vía...






...diraslle “ata logo”
ao teu pai e á túa nai...



...pegarás no corpo os
eléctrodos e, entón...


CON QUE QUERES SOÑAR?





Completa esta **simetría**.

Despois de observar ben o teu corpo... saberías **localizar** no debuxo de que te operaron?



Todo aconteceu xa, pero e ti:

- Que **pensas**?
- Que **sentés**?

Exprésao
como queiras:





*Cando espertes dese soño máxico, a túa familia vai estar alí
esperándote co seu mellor sorriso.*

*E logo vaite levar outra vez ao teu cuarto no andar de **pediatría**.*



Agora que xa che fixeron a operación verás
que o paso polo quirófano
non é para tanto.

Es moi **valente!**





PROFESIONAIS DO HOSPITAL:



Anestesista:

Ponlle a dose axeitada do seu soro máxico a cada neno ou nena soprando por un globo ata enchelo.



Auxiliar de enfermaría:

Axúdalles aos pacientes e ao persoal médico e prepara e desinfecta todo o instrumental.



Cardiólogo, cardióloga:

É quen coida do teu corazón.



Celador, celadora:

Traslada os e as pacientes desde o seu cuarto ata o quirófano.



Cirurgián, cirurxiá:

Revisa e arranxa todas as partes do corpo humano coma se fose un robot.



Cociñeiro, cociñeira:

É quen prepara toda a comida que vas tomar no hospital.



Xastre, xastra:

É quen se encarga de arranxar e identificar a roupa.



Enfermeiro, enfermeira:

É quen se encarga de coidar de ti cando estás no cuarto, darche as medicinas e axudarche.



Otorrinolaringólogo:

É o doutor ou doutora que se encarga de curar os oídos, a gorxa e o nariz.



Mestre, mestra:

Apréndelles aos nenos e ás nenas que están no hospital cousas importantes sobre a súa doenza e continúa o seu proceso de escolarización.



Pediatra:

É o médico ou médica que se encarga de curar os rapaces e as rapazas.



Pneumólogo, pneumóloga:

É quen se encarga de tratar os teus pulmóns.



Pasador de ferro, pasadora de ferro:

Pásalle o ferro á roupa que se utiliza no hospital.



Neurólogo, neuróloga:


É quen sanda o teu cerebro e o teu sistema nervioso.



Secretario, secretaria:

Persoa que se encarga das tarefas administrativas.

APARELLOS DO HOSPITAL:



Bandexa:

Recipiente que utiliza normalmente o enfermeiro ou a enfermeira e que contén aparellos (pinzas, tesoiras...) que adoitan empregarse durante a operación.



Padiola:

Obxecto que serve para transportar deitado o paciente, dentro do hospital.




Cadeira de rodas:

Elemento que serve para transportar sentado o paciente, dentro do hospital.




Gorro:

Peza que habitualmente se pon no quirófano, que serve para cubrir o pelo.




Máscara:

Peza que habitualmente se pon no quirófano, que tapa o nariz e a boca e evita que pasen microbios.



Máscara de anestesia:

Máscara especial que se pon no nariz e na boca e pola que hai que coller aire forte e soprar para adormecer (ás veces, a máscara pode botar un aire que cheira un pouco mal, pero se sopras forte, irase rápido e quedarás durmido).




Zocos:

Pezas que habitualmente se poñen no quirófano e que serven para cubrir os pés.



Fonendoscopio:

Aparello que serve para escoitar diferentes partes de corpo (corazón, pulmóns...).




Eléctrodos:

Adhesivos que se poñen no peito e mostran os latexos do teu corazón.



Tensiómetro:

Aparello cun brazaletes que infla para saber como vai de rápido o sangue polo teu corpo.




Pulsioxímetro:

Pinza que se pon nun dedo da man ou do pé e que mide como funcionan os teus pulmóns.




Otoscopio:

Instrumento que se utiliza para poder ver o oído por dentro.



Bisturí:

Un dos instrumentos que usa o cirurxián ou a cirurxiá durante a operación.



Vía:

Tubiño de plástico polo que se pon medicación (como a da anestesia) ou soros. Para poderche poñer este tubiño téñenche que dar una picada na man ou no brazo. Doe un pouco ao poñela, pero ás veces soprar axuda a que moleste menos. Nalgúns hospitais hai unha crema fantástica que se pon antes e axuda a que doia menos.



IVÁN FERNÁNDEZ

ILUSTRADOR

“Empregar a arte como un camiño de expresión emocional e de humanización da experiencia hospitalaria.”

galicia
o bo camiño

Xacobeo 2021

PILAR PORTA

MESTRA HOSPITALARIA. CEUFP-CHUF

“Dotar ao alumnado hospitalizado dunha ferramenta innovadora, creativa didáctica, que a través do coñecemento e xestión das emocións axude no proces de hospitalización.”

ESTHER MORENO

MÉDICA ANESTESISTA. CHUF

“Acadar que os rapaces vaian ao quirófano máis tranquilos e xerar neles unha boa lembranza e un sorriso.”



AFEARD



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE



XUNTA
DE GALICIA